

Xoves, 6 de xullo de 2023

Núm. 130

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MARÍN

#### Recadación

#### *APROBACIÓN DO PADRON FISCAL PARA A OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA POR POSTOS E BARRACAS-MERCADILLO 3º FRACCION-TRIMESTRE 2023*

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA CON POSTOS E BARRACAS (MERCADILLO) FRACCIONADO*

*1º. Inicio do trámite de exposición pública. Carácter.-* Por medio do presente anuncio iníciase o trámite de información pública do padrón fiscal/lista cobratoria da taxa por ocupación vía pública con postos e barracas (mercadillo) correspondente a 3ª fracción-trimestre do ano 2023, padrón aprobado por Resolución do Concelleiro delegado de Facenda do día 26.06.2023.

Esta exposición ao público ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

*2º. Prazo de exposición pública.-* As persoas interesadas poderán consultar os rexistros relativos á súa débeda tributaria durante o período de exposición ao público, que será de un (1) mes contado a partir do día seguinte ao publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

*3º. Recurso.-* Contra as liquidacións incorporadas ao padrón poderá formularse polos interesados o recurso de reposición a que se refire o artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

O prazo para interpor o recurso ante a Alcaldía municipal será o de un (1) mes a contar dende o día seguinte a aquel da finalización do prazo de exposición pública do padrón.

A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do artigo 14.2 do TRLRFL.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta.

Todo elo, sen prexuízo de que os interesados poidan utilizar calquera outro medio impugnatorio que consideren conveniente para a defensa do seu dereito.



Xoves, 6 de xullo de 2023

Núm. 130

**ANUNCIO DE COBRANZA**

*1º. Período voluntario.*- O período voluntario de cobro das liquidacións incluídas no padrón da taxa por ocupación vía pública con postos e barracas (mercadillo) correspondente a 3ª fracción-trimestre, comeza o 1 de xullo e remata o 5 de setembro de 2023, ambas datas incluídas.

*2º. Formas e lugares de ingreso.*- O ingreso poderá realizarse na caixa de calquera das seguintes entidades colaboradoras, en horario de atención ao público e sen necesidade que o obrigado tributario pague dispoña de conta aberta nelas:

- a. Abanca Corporación Bancaria
- b. Banco Bilbao Vizcaya Argentaria
- c. Banco Santander
- d. Banco Sabadell
- e. CaixaBank

Tamén pode realizarse o pago a través dos caixeiros automáticos das entidades colaboradoras citadas, por medio da súa banca electrónica (se a entidade elixida dispón dese servizo) ou ben utilizando a pasarela de pagos aloxada na sede electrónica do Concello de Marín ([www.sede.concellodemarin.es](http://www.sede.concellodemarin.es))

*3º. Envío dos documentos de ingreso.*- Os documentos de ingreso dos recibos non domiciliados en entidades financeiras enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada obrigado ao pago. Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do obrigado ao pago non exime a este da súa obriga de pago.

Se algún obrigado tributario non recibe no seu domicilio os documentos de ingreso que precisa, poderá solicitar un duplicado nas dependencias da Tesourería do Concello de Marín.

*4º. Cargo de domiciliacións.*- Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes o día 1 de agosto de 2023.

*5º. Advertencia legal.*- O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que se teña satisfeito a débeda determinará o inicio do período executivo e a esixencia das recargas e xuros de mora que en cada momento correspondan xunto coas costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Alcaldesa-Presidenta  
María Ramallo Vázquez

